

A) PREPARACIÓN DE 250 mL DE DISOLUCIÓN 0,5 M DE NaOH

Material e reactivos

Balanza	Espátula	Frasco de vidro
Variña de vidro	Matraz aforado	Frasco lavador
Vidro de reloxo	Vaso de precipitados	NaOH
Funil	Pipeta	

Procedemento

1. Realiza os cálculos para determinar os gramos de NaOH necesarios para preparar os 250 ml de NaOH 0,5 M.
2. Pesa coa balanza sobre vidro de reloxo, que terás pesado antes para descontar o seu peso ao total, os gramos que teñas calculado. Hai que facer a pesada do NaOH o máis rápido posible por ser delicuescente, polo que absorbe auga da atmosfera unha vez fora do frasco e reacciona tamén co CO_2 do ambiente.
3. Pasa as lentellas de hidróxido de sodio ao vaso de precipitados de 250 ml, inclinando o vidro de reloxo sobre o vaso e arrástraas coa axuda do frasco lavador. Na disolución das lentellas despréndese calor, é un proceso exotérmico, polo que hai que esperar uns minutos antes de pasala ao matraz aforado.
4. Enche con auga ata a metade o matraz aforado de 250 mL. Verte nel coa axuda dun funil, a disolución do vaso de precipitados. Co mesmo vaso de precipitados (para coller os posibles restos de NaOH) engadirlle pouco a pouco auga ata aproximarse ao enrase
5. Enrasa con cuidado. Utiliza a pipeta para que sexa o máis perfecto posible. Volve a axitar.
6. Coa axuda do funil pasar a disolución preparada a un frasco de vidro e etiquetalo como NaOH 0,5 M.

B) PREPARACIÓN DE 100 mL DE DISOLUCIÓN 0,5 M DE HCl A PARTIR DA DISOLUCIÓN COMERCIAL (37,5% EN PESO E DENSIDADE= 1,19 g/mL)

Material e reactivos

Pipeta	Matraz aforado	Variña de vidro
Funil	Frasco lavador	HCl comercial
Vaso de precipitados	Frasco de vidro	

Procedemento

1. En primeiro lugar debemos calcula-la cantidade de HCl que debemos coller da disolución concentrada. Tendo en conta que a disolución comercial é do 37,5% en peso:
Por tratarse dun líquido mediremos o volume, haberá que ter en conta a densidade.
2. Nun vaso de precipitados botar aproximadamente 50 mL de auga. Nunha *vitrina de gases* e cunha pipeta con pera coller 4,1 mL de HCl comercial e botalos no vaso de precipitados. Remexer lixeiramente cunha variña de vidro. *É moi importante botar sempre o ácido sobre a auga e non ó revés.*
3. Coa axuda dun funil, transvasar a disolución do vaso de precipitados a un matraz aforado de 100 mL. Co mesmo vaso de precipitados (para recoller os posibles restos de HCl) engadir auga ata aproximarse ao enrase
4. Con unha pipeta completar o enrase, tendo coidado en non pasarse.
5. Coa axuda do funil pasar a disolución preparada a un frasco de vidro e etiquetalo como: HCl 0,5 M